

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO

O presente regulamento ditase en virtude das atribucións que a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, outorga ás entidades locais e ten por obxecto regular o funcionamento dos órganos básicos desta Corporación.

1º.- O Concello de Mondoñedo, no exercicio da súa potestade regulamentaria e de autoorganización aproba o Regulamento Orgánico da Corporación con suxeición ás normas da Lei Reguladora da Bases de Réxime Local e a Lei de Administración local de Galicia.

2º.- A organización e funcionamento dos órganos da corporación réxense polas seguintes normas:

- a) Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.
- b) Lei Administración Local de Galicia.
- c) Regulamento Orgánico da Corporación.
- d) Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

3º.- Este regulamento só poderá ser modificado e interpretado polo Pleno da Corporación.

TÍTULO I

DOS CONCELEIROS

4º.- Os concelleiros están obrigados asistiren ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, a axeitar a súa conducta a este regulamento e a respectar a orde e as normas de cortesía propias da corporación.

5º.- Nas sesións os concelleiros situaranse agrupados pola súa pertenza a grupos políticos, constituídos con arranxo á lexislación vixente. A orde de colocación dos grupos decidiráa o alcalde despois de oír aos voceiros.

6º.- tódolos concelleiros, a través de comunicación individual, ou a través do voceiro do grupo ó que pertencen, serán invitados ós actos oficiais organizados polo Concello.

7º.- Os Concelleiros estarán obrigados a declarar: a) sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles xere ou lles poida xerar ingresos económicos; e b) sobre os seus bens patrimoniais.

As dúas declaracións formularanse perante o secretario da Corporación consonte os modelos normalizados que se achegan como anexos 1 e 2 deste regulamento e inscribíranse no rexistro de intereses do Concello.

As declaracións dos concelleiros sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles poida xerar ingresos terán carácter público. Ás declaracións sobre bens patrimoniais soamente poderán acceder as persoas que teñan interese lexítimo.

As declaracións deberán presentarse antes da toma de posesión do cargo; tamén deberán presentarse durante o mandato no caso de que se produza unha variación patrimonial ou no exercicio de actividades privadas.

Neste último caso o prazo para presentar a declaración será dun mes.

TÍTULO II

DO PLENO DO CONCELLO

8º.- O Pleno O Pleno da corporación reunirse en sesión ordinaria con periodicidade mensual. A sesión terá lugar o terceiro xoves de cada mes, iniciándose ás 20.00 horas.

Cando o día da sesión sexa festivo ou concorran causas excepcionais, poderá trasladarse ó día inmediatamente anterior ou posterior.

9º.- Tódolos asuntos trataranse pola orde en que estean relacionados na orde do día, pero o Alcalde poderá modificala cando a aprobación dun asunto esixa unha maioría especial e esta non se poida obter no momento previsto inicialmente na axenda

10º .- Nas sesións ordinarias, e antes de proceder ó debate das mocións o Alcalde preguntará se algún grupo político quere incluír por urxencia algún asunto. En caso positivo o proponente defenderá brevemente a urxencia do asunto; os voceiros dos outros grupos e o Alcalde poderán intervir coa mesma brevidade para fixala súa posición e a continuación o Pleno procederá á votación.

A declaración de urxencia require o voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación.

11º.- Os asuntos da orde do día principiarán coa lectura do ditame da comisión informativa ou, se non o houbese, coa lectura da proposición ou moción. A continuación o Alcalde ofreceralle a palabra ós voceiros dos grupos políticos. Se ningún a pide, o asunto someterase directamente a votación.

De promoverse debate, o Alcalde ordenará as intervencións consonte as seguintes regras:

- a) Para facer uso da palabra requírese a previa autorización da Presidencia.
- b) O debate iniciarase cunha defensa do ditame, proposición ou moción por parte dalgún membro do grupo ou grupos que a presentaran.
- c) A continuación os diversos grupos consumirán, unha primeira rolda de intervencións. Como norma xeral, cada unha delas non superará os dez minutos de duración. Tódolos intervintes poderán dispor do mesmo tempo.
- d) Cando se fagan alusións que comporten xuízos de valor ou inexactitudes sobre a persoa ou conducta dun concelleiro ou dun grupo político municipal, ou concelleiro ou voceiro do grupo aludido poderá pedirlle ó alcalde que se lle permita unha breve intervención por un tempo non superior a tres minutos para contestar, sen entrar no fondo do asunto obxecto de debate.
- e) Se algún grupo o solicita iniciarase unha segunda rolda de intervencións. Como norma xeral, cada unha delas non superará os cinco minutos de duración. Rematada esta, o Alcalde poderá concluír o debate, que pechará o relator para ratificar ou modificar a súa posición.
- f) Todo concelleiro ten dereito á libre expresión e non poderá ser interrompido, salvo que incorra nos seguintes supostos:
 - 1) Reiteración do exposto
 - 2) Cando non se axuste ó tema a tratar.
 - 3) Esgotamento do tempo concedido.

Así mesmo o Alcalde poderá intervir para retirarlle a palabra a alguén ou para chamar á orde á Corporación, a algún dos concelleiros ou público asistente.

g) Transcorrido o tempo establecido, o Alcalde retiralle a palabra ó orador, despois de advertirlle por dúas veces que debe concluír a súa intervención.

12º.- As normas contidas no artigo anterior sobre o debate enténdese sen prexuízo das facultades do Alcalde para ampliar ou reducir o número e duración das intervencións, en atención á importancia das materias a tratar.

13º.- O Alcalde poderá chamar á orde a calquera concelleiro que:

- a) Use palabras ou conceptos ofensivos para a dignidade ou honor da corporación ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa pública ou privada.
- b) Interrompa ou de calquera outro xeito perturbe a orde da sesión.
- c) Pretenda intervir sen que lle fose concedida a palabra ou logo de que lle fose retirada.

Logo de tres chamadas á orde na mesma sesión, coa advertenza na segunda, das consecuencias dunha terceira chamada, o Alcalde poderalle ordenar a calquera concelleiro que abandone o salón de sesións e poderá adoptar as medidas necesarias para que a expulsión se faga efectiva.

14º.- Na orde do día dos Plenos incluíranse aquelas mocións propostas polos diferentes grupos municipais, establecéndose un límite de dúas por grupo político.

As mocións deberán presentarse con 10 días de antelación á celebración do Pleno. As preguntas e rogos deberán presentarse por escrito con cinco días de antelación e as urxentes poderán formularse no Pleno para ser contestadas na propia sesión ou por escrito no prazo de quince días polo concelleiro competente, se así se fai contar polo solicitante.

TÍTULO III

DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

15º.- No uso da súa potestade de autoorganización o Concello de Mondoñedo crea as seguintes comisións informativas:

I.-Comisión Informativa de Asuntos do pleno.

II.- comisión Especial de Contas.

O Presidente nato de tódalas comisións é o Alcalde que poderá delegala presidencia en calquera concelleiro.

16º.- Os grupos municipais poderán establecer variacións respecto aos membros que no seu nome pertencen a cada Comisión comunicándollo por escrito ó Alcalde que dará conta ó Pleno.

TÍTULO IV

DA XUNTA DE VOCEIROS E DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

17º.- A xunta de voceiros estará composta polo Alcalde e un representante de cada grupo municipal. Será convocada polo Alcalde cando os asuntos a tratar o requiran.

As decisións da xunta de voceiros adoptaranse baixo o criterio do voto ponderado e en ningún caso afectarán ás competencias dos órganos da corporación.

18º.- Coa finalidade de que poidan desempeñar as súas funcións corporativas, o Concello porá a disposición de cada grupo político un local axeitado.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entraña en vigor no prazo de quince días trala publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I

DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

D..... DNI nº....., maior de idade, veciño do Concello de con enderezo en

EXPOÑO:

Que en cumprimento do que dispón o art. 75 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, formulo a seguinte DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES ECONÓMICAS:

I.- SOBRE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE.

Declaro formalmente que non me afecta ningunha das causas de incompatibilidade para desempeñar o cargo de concelleiro da corporación de Mondoñedo, previstas na vixente lexislación electoral e de réxime local.

II.- SOBRE CAUSAS ECONÓMICAS.

Declaro que as miñas actividades e ocupacións profesionais, mercantís ou industriais e os meus traballos por conta allea son os seguintes:

E para que conste no rexistro de intereses da corporación asino a presente declaración en Mondoñedo, a...de..... do ano.....

ANEXO II

DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS

D..... DNI nº....., maior de idade, veciño do Concello de con enderezo en

EXPOÑO:

Que en cumprimento do que dispón o art. 75 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, formulo a seguinte DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS:

- a) Bens inmobles (descrición, data de adquisición).
- b) Bens mobles (descrición, data de adquisición).
- c) Valores mobiliarios (descrición, data de adquisición).

E para que conste no rexistro de intereses da corporación asino a presente declaración en Mondoñedo, a...de..... do ano.....

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente ordenanza publicada definitivamente no B.O.P. nº 116, do 23 de maio do 2000.